

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO

CURSO: 6º ED. PRIMARIA

MATERIA: MATEMÁTICAS

DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS

DATA: 01/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
MTB1.6	6-MTB1.6.1 - Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.
MTB3.1	6-MTB3.1.2 - Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
MTB3.4	6-MTB3.4.3 - Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.
MTB4.2	6-MTB4.2.2 - Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.
MTB4.3	6-MTB4.3.1 - Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.
MTB3.4	6-MTB3.4.1 - Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.
MTB4.5	6-MTB4.5.1 - Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,?), utilizando as no- cións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).
MTB4.6	6-MTB4.6.1 - Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.
MTB5.2	6-MTB5.2.1 - Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.
MTB5.2	6-MTB5.2.3 - Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación traballo e a comunicación diaria. - Seguimento caderno de traballo (libreta) e Drive. - Revisión traballo en Classroom.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caderno e portfolio do alumno. - Plataforma Google Classroom - QUIZIZZ (aplicación para tests en liña) - Cuestionarios/formularios de google integrados en Classroom. - Drive (almacenamento virtual de Google) - Fichas método Cornell para análise de textos, vídeos, etc.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realizárase unha media ponderada das 2 primeiras avaliacións, e sobre esa nota subírase ata un 10% en función da implicación e o traballo na 3ª avaliación. <p>É dicir:</p> <p>1ª av. (40%) + 2ª av. (60%) = media do curso presencial (MP)</p> <p>Aumento de nota 3ª avaliación (A3) : de 0 a 10% da media presencial.</p> <p>Cualificación final de curso = MP + A3</p> <p>O traballo na 3ª avaliación para subir ata o 10%, avaliarase a través dunha rúbrica que terá como ítems: nivel de comunicación e participación (tendo en conta os recursos), cantidade de tarefas entregadas, e calidade do traballo realizado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non procede.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non procede.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Non procede.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non procede.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Todas as actividades serán xestionadas a través de Classroom, e serán dos seguintes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso: dos contidos dos dous primeiros trimestres a través de exercicios interactivos. • Reforzo (para dúas alumnas): dos contidos dos dous primeiros trimestres, a través de fichas e actividades interactivas fundamentalmente. • Ampliación: dos contidos xa dados en 5º curso e dos impartidos nos dous primeiros trimestres, a través de distintas aplicacións web, análise de documentos, actividades interactivas e creación de vídeos explicativos. (Inclúese aquí a profundización, pero tamén certo avance de materia, adaptándonos á situación actual.)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os días de 10 a 10:30, horas conexión cos 12 alumnos do grupo por videochamada para falar, avaliación emocional, resolución de dúbidas e facer o plan de traballo do día. • Conexión de 10:30 ata as 14 horas para resolución de dúbidas. • Todos os venres videoconferencia con todo o grupo para falar, ofrecer acompañamento, comentar dificultades, e tamén testar a súa conexión a internet. • Tarefas creadas en Classroom. • Todos os materiais subíranse tamén a Classroom. • Todo o alumnado recibe notificación das tarefas creadas a través do correo electrónico. • Priorizaranse as actividades prácticas e nas que se potencie a creatividade. • Visionado de vídeos sobre os contidos e posterior resolución de dúbidas a través de chat (Hangouts) e videochamada (Cisco Webex e Hangouts). • Análise de documentos, pequenas investigacións, etc. • Atención á diversidade con tarefas específicas a través de classroom, e tamén con videochamadas ou chamadas estándar.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicacións web: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Mindomo ◦ Geogebra ◦ Quizizz • Correo electrónico e Hangouts e Cisco Webex. • Classroom versión web e app para móbiles e tabletas. • Webs de actividades interactivas de Anaya e outras editoriais • Libro de texto de Anaya. • Fichas en formato pdf. • Fichas método Cornell. • Fichas método Kanban.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través de: <ul style="list-style-type: none">• páxina web do centro (familias)• correo electrónico e chat (alumnado)
Publicidade	Publicación na páxina web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedraioamoeiro/